1. Como explica o Goberno galego a demora de dous anos e medio para adaptar unha normativa xa aprobada para o conxunto do Estado e que está enlentecendo a capacidade asistencial do sistema sanitario?
2. Cando ten previsto a Xunta de Galicia habilitar as modificacións legais oportunas e publicalas para que teñan vigor para que sexa unha realidade en Galicia a capacidade prescritiva das enfermeiras en consonancia co Real decreto de prescrición enfermeira do 23 de outubro de 2018?

Pazo do Parlamento, 17 de xuño do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/06/2021 12:20:22

Marina Ortega Otero na data 18/06/2021 12:20:30



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Segundo indica o sindicato UGT, as casetas de vixilancia constitúen puntos fundamentais á hora de detectar o inicio dun lume forestal e, polo tanto, a programación da posta en marcha do operativo do SPIF.

Nos últimos anos, a Consellería do Medio Rural procedeu ao peche de moitas das casetas de vixilancia nos diferentes distritos forestais. Ademais, en moitos casos, nas que seguen abertas non contan coa cobertura dos seus postos ao 100 %, ao igual que sucede nos centros de Coordinación de Distrito onde denuncian ter moitos dos postos sen cubrir.

A tenor do establecido no Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, a figura do persoal vixilante pode, en determinados momentos, pasar a prestar servizo aos Centros de Coordinación, dando apoio ao persoal emisorista, deixando a caseta de vixilancia.

A falta de efectivos reais e/ou a non cobertura, con carácter xeral, leva a que cando se producen incidencias no colectivo de emisoristas nun distrito, se peche a caseta e o persoal vixilante pasa a cubrir o posto de emisorista do distrito. O anterior, se ben se contempla de xeito conxuntural e puntual non se pode nin debe transformar en estrutural ou permanente, substituíndo en plenitude de funcións ao persoal emisorista que, por outro lado non son as que lle corresponden á categoría de vixilante.

Isto foi o que sucedeu o pasado día 12 de xuño cando se produciu un incendio en Uma-Salvaterra, no que arderon 350 hectáreas. A caseta de Sanomedio estaba pechada porque o vixilante que tiña que cubrir esa quenda, estaba cubrindo a praza da emisora que dende fai 2 anos está sen cubrir no Distrito XVII. Se esa caseta estivera aberta, con moitas probabilidades se tivera detectado o incendio moito antes e o resultado sería, moi posiblemente, diferente.

O sindicato vén de denunciar que en moitas ocasións para paliar o feito de que as casetas están pechadas envíase ao punto de vixilancia da caseta a unha brigada, o



que leva consigo que ata 5 persoas estean dentro do vehículo soportando situacións de pena, que só sabe o que as padece. Se o anterior xa é penoso de por si, no momento actual baixo efecto da Covid agrávase, xa que lles obriga a estar nun espazo reducido, o que contravén completamente o aconsellado por Saúde Pública.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Consellería de Medio Rural tomou a decisión de pechar as casetas de vixiantes nalgúns distritos forestais?
2. Cantas casetas de vixiantes hai abertas na actualidade en Galicia distribuídas por distrito forestal? E cantas delas estás cubertas ao 100 % para que non volva a acontecer o episodio do incendio Uma-Salvaterra?
3. Que persoal cobren as mesmas? Especificar o número e distrito aos que están destinados.
4. Por que o día 12 de xuño a caseta de Sanomedio estaba pechada?

Pazo do Parlamento, 18 de xuño do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/06/2021 12:36:59

Martín Seco García na data 18/06/2021 12:37:07



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Segundo información publicada na prensa en data 17 de xuño de 2021, a Consellería do Medio Rural aproveitando o verán e a campaña de incendios, gastará case 1,3 millóns para repartir entre xornais, radios e televisións.

Este mesmo mes tamén se publicaban noticias relacionadas co gasto de 4 millóns de euros en campañas propagandísticas realizadas polo Goberno galego a Vicepresidencia segunda e a Consellería de Industria. Polo que constatamos que o Goberno galego está a gastar millóns de euros públicos en publicidade.

Pola contra, e a pesar dos continuos requirimentos feitos polos sindicatos e tamén por este grupo parlamentario vemos que a Consellería de Medio Rural non convoca as vacantes existentes para o SPDIF, ocasionando unha grave merma na calidade do servizo. Producíndose situacións como casetas de vixilancia sen cubrir, cando vai a comezar a campaña de alto risco de incendios.

A maior afondamento, nesta liña argumental, temos que incidir en que acaba de quedar deserto o concurso para dotar de material apropiado ao persoal profesional contratado pola Xunta de Galicia para loitar contra os incendios forestais. Un concurso dotado de 3 millóns de euros que pretendía equipar a estes profesionais con anorak, forro térmico e cubrepantalón, conxunto de chaqueta e pantalón e traxe e botas de auga. Material que levan anos sen reemplazar. O concurso para dotar de material técnico ao persoal laboral da Dirección Xeral de Defensa do Monte abarcaba os anos 2021, 2022 e 2023, un concurso que, en boa parte, viña cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

En contraposición a Xunta de Galicia si lle deu vía libre ao concurso para a promoción da prevención, concienciación e sensibilización social contra os incendios forestais durante o 2021 e 2022. O importe de cada anualidade será de 650.000 euros, IVE incluído, para a inserción de publicidade en medios.



Segundo o indicado nos medios de comunicación, estes cartos terán que ser gastados do seguinte xeito entre o 35 % e o 50 % en prensa, nun 0 e 2 % en prensa especializada (deportiva, económica, etc), entre un 10 % e un 25 % en radio, entre un 10 % e un 25 % en televisión e entre un 20 % e un 4 % en medios online.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera necesario o Goberno galego que a Consellería de Medio Rural aproveitando a campaña de incendios invista case 1,3 millóns de euros en propaganda?
2. Por que quedou deserto o concurso para dotar de material apropiado aos profesionais contratados pola Xunta de Galicia para loitar contra os incendios forestais?
3. En que ano se licitou o anterior concurso levado a cabo pola Consellería de Medio Rural de material técnico do persoal laboral da dirección xeral de defensa do monte e material técnico do persoal laboral da Dirección Xeral de Defensa do Monte?
4. Que solución vai a adoptar a consellería ante esta continxencia?

Pazo do Parlamento, 18 de xuño do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2021 12:40:59
Nº Rexistro: 17487
Data envío: 18/06/2021 12:40:59.270

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/06/2021 12:38:19

Martín Seco García na data 18/06/2021 12:38:28

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

O 1 de abril de 2021, as altas temperaturas e fortes ventos, tiveron consecuencias no monte galego, producíndose ao menos catro incendios de superficie superior ás 25 hectáreas.

O máis grave deles, comezou en Folgoso do Courel que se estendeu ao veciño concello de Samos, queimando ao redor de 300 hectáreas, das cales 150 hectáreas son de arborado e 195,85 de monte raso, e obrigaba a consellería a activar o índice de gravidade potencial 2 por perigo para as vivendas na parroquia de Gundriz.

O sábado 12 de xuño pouco antes das cinco da mañá declarábase outro incendio en Folgoso do Courel, as nove da mañá o incendio xa calcinara 105 hectáreas e seguía activo, resultando un total queimado de 185 hectáreas, segundo a Consellería de Medio Rural das cales 40 son arboradas. Este lume comezaba na localidade de Ferreiros de Abaixo, acercándose perigosamente ás vivendas.

Segundo a mesma fonte participaron nas tarefas de extinción trinta e dous brigadas forestais, once axentes, un técnico, catorce motobombas, unha pala, oito avións e dous helicópteros.

Este é xa o terceiro incendio que se produce en Folgoso do Courel este ano 2021, os que aconteceron entre finais de marzo e principios de abril, resultando un total queimado de 310 hectáreas.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. De que bases helitransportadas procedían os dous helicópteros que actuaron no incendio de Folgoso do Courel?
2. Que bases helitransportadas están operativas na actualidade?



3. Están na actualidade tódalas bases helitansportadas abertas cubertas ao 100 %, tanto en medios aéreos como terrestres?
4. Por que non aparece no Pladiga 2021, no seu apartado de mapas, en concreto, que especifique os riscos existentes conforme os incendios acaecidos no 2020?
5. Que actividades de conservación e protección se realizaron na zona, no ano 2020, ao estar incluída na Rede Natura e, polo tanto, estar incluída na rede galega de espazos protexidos?
6. De conformidade coa Lei de patrimonio natural, que acordos de custodia ten subscrito a Xunta de Galicia en relación a este territorio?
7. Dispón de plan de xestión este espazo protexido?
8. Conforme o artigo 1.1 da Lei de patrimonio, que axudas ten previsto realizar a Consellería de Medio Ambiente? Cales se efectuaron nos últimos anos? Cales se corresponden a un plan de execución?
9. Por que non se declararon como montes protectores todos aqueles MVMC, que con motivo da súa clasificación se descatalogaron do CUP, consecuencia do seu cambio de titularidade, pasando a ser propiedades privadas colectivas?
10. Que actuacións se levaron a cabo no presente ano, na rede de faixas de xestión de biomásas, no concello de Folgoso?

Pazo do Parlamento, 18 de xuño do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Luís Manuel Álvarez Martínez
Martín Seco García
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/06/2021 13:29:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/06/2021 13:29:29

Martín Seco García na data 18/06/2021 13:29:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de manter o proceso completo do cribado de cancro de mama no Hospital da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de radioloxía no Hospital comarcal da Mariña en Burela leva xa varios anos sufrindo unha serie de déficits que afectan á calidade da sanidade pública mariña e por suposto aos e ás doentes desta comarca. Isto débese ao feito de que desde hai varios anos hai dúas prazas de radioloxía que seguen sen ser cubertas por diversos motivos.

A isto temos que sumar outros casos como que as colonoscopias que se realizan tras o positivo na proba de cribado para cancro de colon fosen as primeiras que pasasen a derivarse ao HULA, a pesar de que no centro de Burela estean dotadas dúas equipas de endoscopias. Deste xeito, podemos ver un exemplo máis da política sanitaria da Xunta de Galiza consistente en baleirar de servizos os hospitais comarcais para centralizar toda a atención nos grandes hospitais das capitais de provincia, afastando a sanidade da poboación e provocando uns maiores desprazamentos aos e ás doentes do noso país.

Por desgraza, este tipo de decisións estendéronse a outro tipo de enfermidades como é a do cancro de mama, xa que a día de hoxe un grande número de mulleres están





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sendo derivadas ao HULA nos casos no que as mamografías do cribado do cancro de mama resultan dubidosas para que unha vez alí, se lles realicen diversas probas que até hai ben pouco se levaban a cabo con total normalidade no hospital mariñán.

Este tipo de decisións, ademais do xa comentado afastamento da sanidade aos doentes, traen consigo un maior sufrimento e incerteza a todas esas doentes que precisan saber coa maior das brevidades se teñen algún tipo de patoloxía canceríxena.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Está disposta a Xunta de Galiza a manter a totalidade do proceso do cribado de cancro de mama no Hospital comarcal da Mariña sen recorrer a ningún tipo de derivación?

. Vai a Xunta de Galiza repor despois de varios anos as prazas que quedaron sen cubrir do servizo de radioloxía no Hospital da Mariña?

. Considera a Xunta de Galiza que derivar a estas mulleres ao HULA ten algún tipo de beneficio para as mesmas?

. Cal é a razón que explique as derivacións ao Hula dun proceso que se realizaba con total normalidade no Hospital comarcal da Mariña?

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 21/06/2021 11:28:59

María Montserrat Prado Cores na data 21/06/2021 11:29:08

Iria Carreira Pazos na data 21/06/2021 11:29:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a organización administrativa das Subdireccións Territoriais do Instituto Médico Legal de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En virtude da Orde de 23 de marzo de 2006 entrou en funcionamento o Instituto de Medicina Legal de Galiza (IMELGA), como un órgano da administración de Xustiza para prestar asistencia técnica en materia de medicina forense aos xulgados, tribunais e fiscalías e, nos últimos anos, tamén aos particulares que o soliciten nos seus conflitos con compañías aseguradoras. No exercicio das súas funcións técnicas o Imelga dispón de total independencia sometido unicamente ás regras da ciencia.

Sen prexuízo de que o aspecto máis comunmente coñecido do Imelga e é o relativo á patoloxía forense, a cuantitativamente máis relevante é a que atinxe ao control da evolución das lesionadas e a valoración dos danos corporais, así como a realización de estudos e informes que lle son requiridos polas autoridades xudiciais ou fiscais. A imparcialidade da Institución e recoñecida cualificación técnica das persoas que o integran fan que este servizo sexa esencial para a resolución de numerosos litixios e que a axilidade na emisión dos seus pareceres sexa determinante para o tempo de resolución do conflito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia o anterior e após 15 anos de funcionamento resulta que aínda non esta xeneralizado un sistema de tramitación e xestións dos asuntos que lle son remitidos ás oficinas forense, existindo unha notoria ausencia de medios e dun protocolo estandarizado de funcionamento.

Así, resulta que existen xulgados nos que as citacións ás interesadas son remitidas dende a propia oficina xudicial, noutros casos estas son remitidas á oficina da Subdirección territorial do Imelga quen se encarga das comunicacións coa persoa a explorar, existindo tamén casos nos que é propio médico forense quen debe encargarse de toda a tramitación burocrática e das citacións necesarias para o cumprimento da función técnica que ten conferida.

O resultado desta carencias organizativas e de recursos é unha incremento no tempo de resposta e xa que logo de resolución dos procedementos xudiciais -que nalgúns xulgados de familia únese á situación de colapso do propio órgano xudicial-, e a unha evidente ineficiencia na xestión de recursos públicos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Quen ten encomendadas as tarefas de citación e emprazamento ás persoas que deben ser examinadas ou avaliadas polo servizos forense do Instituto Médico Legal de Galiza?

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza se existen médicos/as forenses que están encargándose da citación das persoas a explorar, ou se nalgúns casos se citan dende os propios xulgados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende a Xunta de Galiza que estes trámites deben realizarse dende as oficinas do Imelga ou considera razoable está disparidade nos criterios e atribucións na tramitación?

. Considera a Xunta de Galiza abondo o cadro de persoal de administración do Imelga, particularmente o existente nas Subdireccións territoriais de Ourense e Lugo?

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/06/2021 13:28:04

Noa Presas Bergantiños na data 21/06/2021 13:28:07

Iria Carreira Pazos na data 21/06/2021 13:28:18





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 21/06/2021 13:28:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a demanda de transferencia ao estado do antigo centro de saúde de Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2006 o goberno galego, e concretamente a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, fixera público o proxecto de reconverter o antigo centro de saúde de Betanzos- na altura xa baleiro e en proceso de degradación- nun centro de día con prazas públicas de residencia xeriátrica para dar servizo tanto á cidade como á comarca das Mariñas.

A tal fin, o goberno galego solicitara do goberno español a cesión do inmóbel, propiedade da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Como vén de responder o goberno español nunha pregunta presentada polo BNG no Congreso dos Deputados, a transferencia deste edificio á Xunta estaba feita no ano 2006, tras solicitala o goberno bipartito, por un período de 15 anos, a fin de empregar nel o centro de día público.

O PP opúxose de sempre a este uso do inmóbel, tanto desde que accedeu á alcaldía de Betanzos en 2007 como cando Feijóo asumiu a presidencia da Xunta, en 2009. Así, segundo ven de responder en sede parlamentaria o goberno español, foi a Xunta presidida por Alberto Núñez Feijóo quen pediu ao Estado a reversión deste convenio no 2012. Anos despois, tamén en resposta a iniciativas do BNG no Congreso e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a solicitudes do Concello de Betanzos interesando esta cesión, o goberno español presidido por M. Rajoy abríase á posibilidade de allear o edificio público e en desuso.

Actualmente, segundo a resposta do goberno do Estado, non hai ningunha solicitude para pedir a transferencia deste edificio de titularidade estatal que está na súa maior parte sen uso desde que se inaugurou o novo ambulatorio.

Alberto Núñez Feijóo comprometérase, aínda candidato, a finalizar o seu primeiro mandato como presidente da Xunta a abrir un centro de día público en cada municipio de máis de 5000 habitantes ou cabeceiras comarcais. Betanzos, cabeceira comarcal, ten 13000 e o presidente da Xunta non só leva catro lexislaturas incumprindo a súa propia palabra senón que pediu ao estado devolverlle un edificio público cedido exprefeso para tal fin.

O goberno do PP renunciou á transferencia do edificio e ao proxecto de construción dun centro de día público sen ter ningún plan alternativo e, como consecuencia, en Betanzos e na comarca das Mariñas apenas hai as 15 prazas públicas do centro de día de Miño, inaugurado este mesmo ano. A renuncia a esta transferencia supuxo a renuncia a que Betanzos e a súa comarca teñan un centro de día público, sen ofrecer ningunha outra alternativa viable e cun custo de oportunidade inmenso para a veciñanza, ademais do constante e progresivo deterioro dun edificio público baleiro na súa maior parte, posto que só ten uso unha mínima fracción do mesmo coas oficinas da TGSS, que doadamente poderían emprazarse noutro lugar para poñer en marcha este servizo asistencial imprescindible na sociedade actual, como proba o feito de que en todo o tempo que a Xunta castigou Betanzos sen centro de día aparecen dous de iniciativa privada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Por que motivo o goberno galego pediu a reversión da transferencia do ambulatorio para convertelo nun centro de día como tiña solicitado?

- Que alternativa ten o goberno para construír un centro de día de oferta pública en Betanzos? Que prazos se barallan?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 22/06/2021 10:24:19

Olalla Rodil Fernández na data 22/06/2021 10:24:28



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O proxecto da vía de alta capacidade Costa Norte Ferrol-San Cibrao, que foi anunciado no ano 2001 polo señor Cuiña, dividíase en 11 fases correspondentes con outros tantos tramos e fixaba como data de finalización o ano 2007. Pero non foi ata o ano 2009 cando se iniciaron as obras do primeiro tramo. Trátase dunha infraestrutura prometida hai máis de 20 anos e que aínda segue no aire, e ao ritmo que executa estas obras a Xunta de Galicia a conexión Ferroltera-Ortegal-A Mariña chegará, de ser o caso, no ano 2135.

Este abandono da Xunta de Galicia para coa VAC Costa Norte implica seguir marxinando as comarcas da Mariña Occidental e de Ortegal e deixando a estas comarcas cunhas vías de comunicación deficientes, que atravesan moitos núcleos de poboación e cun trazado moi antigo. Unicamente contan cun trazado moderno as saídas de Ferrol ata San Sadurniño e as variantes de Ortigueira e Xove.

Despois de reiterados incumprimentos e inxustificadas retrasos por parte do Goberno de Feijóo nesta VAC, en marzo de 2017 o director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas en sede parlamentaria galega afirmaba que para a Xunta de Galicia esta infraestrutura segue a ser unha prioridade e que se ía empezar cos tramos útiles que están conectados coas vías de alta capacidade, empezando polo lado da Coruña, na AG-64 como punto de inicio, no seu primeiro tramo San Sadurniño-Sardiñeira e na parte de Lugo conectando o tramo recentemente posto en servizo entre Celeiro e San Cibrao.

Pois ben, no relativo á Provincia de Lugo nada novo dende que o Goberno galego inaugurase, en xaneiro de 2017, con tres anos de retraso o primeiro e único dos tramos desta provincia con só a variante de Xove. Treito, por certo licitado 8 anos atrás por un goberno da Xunta de Galicia presidido por Touriño.

No relativo á provincia da Coruña, case que 4 anos despois do anunciado no Parlamento de Galicia polo director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, en maio 2021 a Xunta de Galicia sometía a información pública o treito da vías de altas prestacións entre San Sadurniño e Sanguineira. Segundo avanza o executivo galego trátase da actualización do proxecto no treito



San Sadurniño-Sanguineira, que se completa coa conexión directa coa AG-64. Pero para mostra do retraso inxustificable desta obra só dicir que máis de 10 anos e medio antes, no DOG do 25 de novembro de 2010, xa fora declarada a utilidade pública e se dispuxera a urxente ocupación de bens e dereitos afectados polo proxecto da VAC neste tramo.

No propio programa electoral do Partido Popular de Galicia ás eleccións autonómicas de 2009 prometían, xa non só un Corredor, senón a autovía do norte Ferrol-San Cibrao para que estivese en servizo no ano 2012.

Trátase dunha infraestrutura fundamental para a vertebración e conectividade da Mariña e de Ortegá, pero que se atopa totalmente abandonada e esquecida por parte da Xunta da Galicia, e así se desprende dos retrasos inxustificables, así como a escasa dotación e execución orzamentaria autonómica ano tras ano.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cales son os prazos que manexa a Xunta de Galicia para rematar a VAC Costa Norte?
- 2ª) Cre a Xunta de Galicia que coas contías orzamentadas para o ano 2021 por parte da Administración xeral autonómica se poden cumprir os prazos que manexa a Xunta de Galicia?
- 3ª) Cales son as razóns da prolongada paralización das obras VAC Costa Norte?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/06/2021 12:11:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/06/2021 12:12:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o mantemento da quenda de tarde no Centro de Saúde de Burela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O abandono da Sanidade pública da comarca da Mariña é tan extenso como xeralizado, afectando a case todos os servizos como centros, xa sexa o Hospital de Burela, xa sexa calquera dos diferentes Centros de Saúde dos diferentes concellos.

Un novo exemplo deste abandono é o da quenda de tarde do Centro de Saúde de Burela. O concello de Burela até hai ben pouco era o único concello da comarca da Mariña con preto de dez mil habitantes que non contaba cunha quenda de tarde na súa atención primaria, polo que para adaptar e facilitar o acceso á sanidade aos horarios da poboación esta quenda foi creada e, por suposto, moi ben recibida polos cidadáns e cidadás.

Pese a isto, e a pesar dos bos resultados, a actual quenda de tarde do Centro de Saúde de Burela está a ser bloqueada desde hai quince días. Mais o problema vén desde hai tempo, xa que hai uns meses trasladouse a un facultativo á quenda de mañá, para cubrir unha baixa, provocando que a atención polas tardes se reducisen a dous días. Mais isto non quedou aquí, xa que a día de hoxe xa suman máis de dúas semanas nas que as consultas de tarde están a ser suspendidas sen dar ningún tipo de explicacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos e ás usuarias. Se a isto lle sumamos a absoluta falta de vontade de aumentar a contratación de persoal sanitario desprazado para poder asumir e dar un servizo de calidade á comarca da Mariña nos meses de verán temos unha comarca totalmente infradotada e cunha sanidade pública de ínfima calidade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Cal é a razón que explique a suspensión da quenda de tarde do Centro de Saúde de Burela?

. Está disposta a Xunta de Galiza a garantir a atención sanitaria en quenda de tarde no Centro de Saúde de Burela?

. Considera a Xunta de Galiza que os servizos existentes no Centro de Saúde de Burela son os necesarios para poder ofrecer unha sanidade de calidade á súa poboación?

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2021

Asdo.:**Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/06/2021 14:03:03

María Montserrat Prado Cores na data 23/06/2021 14:03:06

Iria Carreira Pazos na data 23/06/2021 14:03:13



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A actuación da Xunta de Galicia no Corredor Nadela-Monforte de Lemos exemplifica ben a súa pésima xestión das infraestruturas e, nomeadamente da rede viaria.

Promesas reiteradamente incumplidas, retrasos inxustificados, partidas que se consignan ano tras ano nos orzamentos da Xunta de Galicia pero que nunca se executan. Este baile de cifras que soben e baixan nos orzamentos sen explicación racional algunha, cunha Consellería de Infraestruturas que nega e substitúe as súas propias previsións sen ningunha explicación, son o mellor exemplo da falta de planificación en política viaria.

A Xunta de Galicia no escoita aos alcaldes e tamén fai caso omiso das demandas dos veciños e veciñas, ou incluso dos consellos técnicos, que veñen sinalando dende hai anos o risco que supón manter o tráfico en dobre sentido nunha vía concibida inicialmente como autovía, para circular en sentido único.

A Xunta de Galicia tan pendente sempre dos titulares tamén fai caso omiso dos informes como, por exemplo, o publicado o 27 de xuño de 2019 no xornal La Voz de Galicia e que levaba por título “El mortal Corredor de Monforte”, e que daquela, referenciaba que en menos de 5 anos 12 mortos neste corredor. Accidentes mortais neste corredor que seguiron a producirse dende aquela data, convertendo esta infraestrutura nun dos puntos negros da sinistralidade viaria da provincia de Lugo.

En maio de 2019 o Pleno do Parlamento de Galicia adoptaba por unanimidade o seguinte acordo “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar a contratación no ano 2019 dos proxectos construtivos e de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela co fin de avanzar de forma definitiva no total desdoblamento desta infraestrutura, tendo presente o desdoblamento futuro do tramo Sarria-Monforte, que se abordará unha vez que se vaia materializando o tramo Sarria- Lugo.”



O tramo que está nestes intres en execución, das obras de desdoblamento para converter en autovía o corredor Nadela-Monforte de Lemos, ten unha lonxitude de 11,5 km. entre A Pobra de San Xiao (Láncara) e Sarria-centro.

En vista das declaracións e anuncios do Presidente da Xunta tales como “... para completar o trazado íntegro da futura autovía entre Nadela-Sarria ...” ou ben coa consignación orzamentaria da Xunta para este ano 2021 e as previsións para os vindeiros anos nas que referencian a actuación como “ Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria”, a Xunta de Galicia abandona e non contempla o desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte de Lemos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia a levar adiante a execución do desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte de Lemos?

2ª) De ser o caso, que prazos manexa a Xunta de Galicia para este desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte de Lemos?

Pazo do Parlamento, 24 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 24/06/2021 10:49:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/06/2021 10:50:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Daniel Castro García e, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á reforma integral do campo de fútbol de O Couto en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 29 de agosto cumpríranse 74 anos da inauguración do campo de fútbol de O Couto en Ourense. Estadio que partillan os dous principais referentes futbolísticos da cidade, a Unión Deportiva Ourense e Ourense Clube de Fútbol.

Ambos clubs, que militan na terceira división, contan cunha importante masa social que, sempre que as restricións o permiten, acoden en número importante ao estadio de O Couto a presenciar os partidos dos seus equipos. Partidos que dado o mal estado do céspede supoñen un serio risco para a integridade física dos xogadores, unha tremenda incomodidade para os seareiros polo total abandono e deterioro que presentan as bancadas, e mesmo para as profesionais dos medios de comunicación que cobren a información deportiva, polo deplorable estado no que se atopan as cabinas de retransmisión. Banquiños destartados, cristais rotos ou infraestruturas eléctricas á ras da parede co cableado á vista e ao albur das inclemencias meteorolóxicas, completan unha primeira visión do estado do campo de fútbol de Ourense. Na que tampouco pasan desapercibidas fendas na estrutura da edificación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o ano 2014 se fixeron diversas actuacións coa simple finalidade, segundo o propio responsable de deportes da Xunta de Galiza en Ourense, de mantelo en activo, dado o convencemento de que cumpría unha reforma integral e completa do campo de fútbol.

Segundo as manifestacións do referido responsable de deportes da Xunta de Galiza en Ourense a finais do ano de 2018 elevouse unha proposta de reforma á Secretaría Xeral para o Deporte que “entendeu a necesidade”. Esa suposta comprensión e acollido non consta tivera efecto práctico algún. Pasaron os meses e os anos e ningunha actuación viviu o abandono campo de O Couto. Tanto e tan evidente é o desleixo exhibido pola Xunta de Galiza que no Consello Municipal de Deportes, primeiro, e logo no Pleno do Concello de Ourense (Concello gobernado polo Partido Popular) acordouse por unanimidade instar á Xunta de Galiza a que se comprometera a realizar de maneira urxente unha reforma integral do Estadio de O Couto en Ourense. Malia o tempo transcorrido dende o acordo do Pleno (6/3/2020) así como a pesares da existencia dunha partida no orzamento da Xunta de Galiza para realizar, cando menos, algunha das obras necesarias e urxentes, non consta a existencia do proxecto de reforma anunciado hai anos ou, moito menos, da licitación ou adxudicación de contrato para a execución da obra; máxime cando por razóns obvias o momento para a realización das mesmas é o verán.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

No ano 2018 informou á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galiza o Xefe de Servizo de deportes en Ourense sobre o estado que presentaba o Estadio de O Couto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza no ano 2019 encamiñadas á reforma integral do Estadio de O Couto de Ourense?

Considera a Xunta de Galiza que o estado actual do Estadio de O Couto en Ourense demanda a reforma integral do mesmo?

Ten a Xunta de Galiza actualmente aprobado algún proxecto para a reforma integral do Estadio de O Couto en Ourense? No seu caso, en que consiste e cal é o seu contido?

Cando ten previsto licitar as obras de reforma no Estadio de O Couto, e cal sería o prazo previsto para a súa execución?

Que actuacións realizou no ano 2021 a tal fin?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/06/2021 19:15:09

Noa Presas Bergantiños na data 17/06/2021 19:15:17

Daniel Castro García na data 17/06/2021 19:15:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o censo único de persoas usuarias de residencias de maiores anunciado pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de xuño o presidente da Xunta de Galiza anunciou a creación dun censo único de persoas usuarias de residencias de maiores no que deberán ser inscritas todas as persoas residentes nestes centros independentemente da titularidade ou modelo de xestión do mesmo.

Así o comunicou despois do Consello da Xunta situando a medida no marco do novo modelo de residencias previsto polo Goberno galego. Ese censo ou rexistro permitirá coñecer á administración “en tempo real”, afirmou, mudanzas no estado de saúde das e dos usuarios pois as residencias deberán notificar información relativa ao estado de saúde das e dos maiores.

Sen querer apresurar valoracións anticipadas, xorden algunhas dúbidas a respecto da implantación desta medida e do seu alcance como ferramenta para mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas usuarias en residencias de maiores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre elas, o tratamento destes datos, a súa verificación, a súa publicación para que poida ser consultada, por exemplo, polas familias das persoas usuarias; a comunicación coas autoridades sanitarias en caso de empeoramentos do estado de saúde das e dos residentes; a ampliación da información a respecto do cadro de persoal ou a súa implantación noutros centros, por exemplo, para persoas con discapacidade.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- En que consiste o censo de persoas maiores en residencias anunciado polo presidente da Xunta de Galiza?

- Como se materializará?

- Será accesíbel para as familias preservando, por suposto, as debidas medidas de protección de datos?

- Estará a disposición dos servizos sanitarios? De ser así, de que maneira? En caso contrario, non cre a Xunta de Galiza que é necesario mellorar a coordinación entre os servizos sanitarios e as residencias de maiores?

- Que tipo de información incluírá ese censo?

- Como deberá ser cumprimentado e actualizado polas residencias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai incluír nese censo o Goberno galego ao persoal que traballa nas residencias?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/06/2021 19:34:22

María Montserrat Prado Cores na data 17/06/2021 19:34:26

Iria Carreira Pazos na data 17/06/2021 19:34:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade dunha intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o verán do ano 2020 os traballadores e traballadoras da factoría de Alcoa e das súas auxiliares levan vendo como o seu futuro e o da comarca da Mariña está constantemente pendendo dun fío. Do mesmo xeito, toda a comarca da Mariña e o conxunto do país segue a observar como a Xunta de Galiza e o goberno estatal seguen sen mostrar a vontade necesaria para que se poida seguir producindo aluminio no noso país e que a totalidade dos postos de traballo se manteñan.

Esta falta de vontade puidémola ver ao longo destes meses de negociacións nos que nin a administración galega nin a estatal mostraron interese algún en desbloquear o inmovilismo desta situación tan difícil, provocando que despois de máis de un ano os e as mariñás sigan sen saber cal vai ser o futuro da súa comarca.

No ano 2006 o goberno galego, e concretamente a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, fixera público o proxecto de reconverter o antigo centro de saúde de Betanzos- na altura xa baleiro e en proceso de degradación- nun centro de día con prazas públicas de residencia xeriátrica para dar servizo tanto á cidade como á comarca das Mariñas.

A tal fin, o goberno galego solicitara do goberno español a cesión do inmóbel, propiedade da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Como vén de responder o goberno español nunha pregunta presentada polo BNG no Congreso dos Deputados, a transferencia deste edificio á Xunta estaba feita no ano 2006, tras solicitala o goberno bipartito, por un período de 15 anos, a fin de emprazar nel o centro de día público.

O PP opúxose de sempre a este uso do inmóbel, tanto desde que accedeu á alcaldía de Betanzos en 2007 como cando Feijóo asumiu a presidencia da Xunta, en 2009. Así, segundo ven de responder en sede parlamentaria o goberno español, foi a Xunta presidida por Alberto Núñez Feijóo quen pediu ao Estado a reversión deste convenio no 2012. Anos despois, tamén en resposta a iniciativas do BNG no Congreso e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a solicitudes do Concello de Betanzos interesando esta cesión, o goberno español presidido por M. Rajoy abríase á posibilidade de allear o edificio público e en desuso.

Actualmente, segundo a resposta do goberno do Estado, non hai ningunha solicitude para pedir a transferencia deste edificio de titularidade estatal que está na súa maior parte sen uso desde que se inaugurou o novo ambulatorio.

Alberto Núñez Feijóo comprometérase, aínda candidato, a finalizar o seu primeiro mandato como presidente da Xunta a abrir un centro de día público en cada municipio de máis de 5000 habitantes ou cabeceiras comarcais. Betanzos, cabeceira comarcal, ten 13000 e o presidente da Xunta non só leva catro lexislaturas incumprindo a súa propia palabra senón que pediu ao estado devolverlle un edificio público cedido exprefeso para tal fin.

O goberno do PP renunciou á transferencia do edificio e ao proxecto de construción dun centro de día público sen ter ningún plan alternativo e, como consecuencia, en Betanzos e na comarca das Mariñas apenas hai as 15 prazas públicas do centro de día de Miño, inaugurado este mesmo ano. A renuncia a esta transferencia supuxo a renuncia a que Betanzos e a súa comarca teñan un centro de día público, sen ofrecer ningunha outra alternativa viable e cun custo de oportunidade inmenso para a veciñanza, ademais do constante e progresivo deterioro dun edificio público baleiro na súa maior parte, posto que só ten uso unha mínima fracción do mesmo coas oficinas da TGSS, que doadamente poderían emprazarse noutro lugar para poñer en marcha este servizo asistencial imprescindible na sociedade actual, como proba o feito de que en todo o tempo que a Xunta castigou Betanzos sen centro de día aparecen dous de iniciativa privada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que motivo o goberno galego pediu a reversión da transferencia do ambulatorio para convertelo nun centro de día como tiña solicitado?

- Que alternativa ten o goberno para construír un centro de día de oferta pública en Betanzos? Que prazos se barallan?

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/06/2021 10:25:16

Mercedes Queixas Zas na data 22/06/2021 10:25:19



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O proxecto da vía de alta capacidade Costa Norte Ferrol-San Cibrao, que foi anunciado no ano 2001 polo señor Cuiña, dividíase en 11 fases correspondentes con outros tantos tramos e fixaba como data de finalización o ano 2007. Pero non foi ata o ano 2009 cando se iniciaron as obras do primeiro tramo. Trátase dunha infraestrutura prometida hai máis de 20 anos e que aínda segue no aire, e ao ritmo que executa estas obras a Xunta de Galicia a conexión Ferroltera-Ortegal-A Mariña chegará, de ser o caso, no ano 2135.

Este abandono da Xunta de Galicia para coa VAC Costa Norte implica seguir marxinando as comarcas da Mariña Occidental e de Ortegal e deixando a estas comarcas cunhas vías de comunicación deficientes, que atravesan moitos núcleos de poboación e cun trazado moi antigo. Unicamente contan cun trazado moderno as saídas de Ferrol ata San Sadurniño e as variantes de Ortigueira e Xove.

Despois de reiterados incumprimentos e inxustificadas retrasos por parte do Goberno de Feijóo nesta VAC, en marzo de 2017 o director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas en sede parlamentaria galega afirmaba que para a Xunta de Galicia esta infraestrutura segue a ser unha prioridade e que se ía empezar cos tramos útiles que están conectados coas vías de alta capacidade, empezando polo lado da Coruña, na AG-64 como punto de inicio, no seu primeiro tramo San Sadurniño-Sardiñeira e na parte de Lugo conectando o tramo recentemente posto en servizo entre Celeiro e San Cibrao.

Pois ben, no relativo á Provincia de Lugo nada novo dende que o Goberno galego inaugurase, en xaneiro de 2017, con tres anos de retraso o primeiro e único dos tramos desta provincia con só a variante de Xove. Treito, por certo licitado 8 anos atrás por un goberno da Xunta de Galicia presidido por Touriño.

No relativo á provincia da Coruña, case que 4 anos despois do anunciado no Parlamento de Galicia polo director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, en maio 2021 a Xunta de Galicia sometía a información pública o treito da vías de altas prestacións entre San Sadurniño e Sanguineira. Segundo avanza o executivo galego trátase da actualización do proxecto no treito



San Sadurniño-Sanguineira, que se completa coa conexión directa coa AG-64. Pero para mostra do retraso inxustificable desta obra só dicir que máis de 10 anos e medio antes, no DOG do 25 de novembro de 2010, xa fora declarada a utilidade pública e se dispuxera a urxente ocupación de bens e dereitos afectados polo proxecto da VAC neste tramo.

No propio programa electoral do Partido Popular de Galicia ás eleccións autonómicas de 2009 prometían, xa non só un Corredor, senón a autovía do norte Ferrol-San Cibrao para que estivese en servizo no ano 2012.

Trátase dunha infraestrutura fundamental para a vertebración e conectividade da Mariña e de Ortegal, pero que se atopa totalmente abandonada e esquecida por parte da Xunta da Galicia, e así se desprende dos retrasos inxustificables, así como a escasa dotación e execución orzamentaria autonómica ano tras ano.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son os prazos que manexa a Xunta de Galicia para rematar a VAC Costa Norte?

2ª) Cre a Xunta de Galicia que coas contías orzamentadas para o ano 2021 por parte da Administración xeral autonómica se poden cumprir os prazos que manexa a Xunta de Galicia?

3ª) Cales son as razóns da prolongada paralización das obras VAC Costa Norte?

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/06/2021 12:12:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/06/2021 12:12:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o mantemento da quenda de tarde no Centro de Saúde de Burela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O abandono da Sanidade pública da comarca da Mariña é tan extenso como xeralizado, afectando a case todos os servizos como centros, xa sexa o Hospital de Burela, xa sexa calquera dos diferentes Centros de Saúde dos diferentes concellos.

Un novo exemplo deste abandono é o da quenda de tarde do Centro de Saúde de Burela. O concello de Burela até hai ben pouco era o único concello da comarca da Mariña con preto de dez mil habitantes que non contaba cunha quenda de tarde na súa atención primaria, polo que para adaptar e facilitar o acceso á sanidade aos horarios da poboación esta quenda foi creada e, por suposto, moi ben recibida polos cidadáns e cidadás.

Pese a isto, e a pesar dos bos resultados, a actual quenda de tarde do Centro de Saúde de Burela está a ser bloqueada desde hai quince días. Mais o problema vén desde hai tempo, xa que hai uns meses trasladouse a un facultativo á quenda de mañá, para cubrir unha baixa, provocando que a atención polas tardes se reducisen a dous días. Mais isto non quedou aquí, xa que a día de hoxe xa suman máis de dúas semanas nas que as consultas de tarde están a ser suspendidas sen dar ningún tipo de explicacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos e ás usuarias. Se a isto lle sumamos a absoluta falta de vontade de aumentar a contratación de persoal sanitario desprazado para poder asumir e dar un servizo de calidade á comarca da Mariña nos meses de verán temos unha comarca totalmente infradotada e cunha sanidade pública de ínfima calidade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a razón que explique a suspensión da quenda de tarde do Centro de Saúde de Burela?

. Está disposta a Xunta de Galiza a garantir a atención sanitaria en quenda de tarde no Centro de Saúde de Burela?

. Considera a Xunta de Galiza que os servizos existentes no Centro de Saúde de Burela son os necesarios para poder ofrecer unha sanidade de calidade á súa poboación?

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/06/2021 14:03:48

María Montserrat Prado Cores na data 23/06/2021 14:03:51

Daniel Castro García na data 23/06/2021 14:03:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o permiso de maternidade e paternidade nas familias monoparentais e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 48 do Estatuto do traballo relativo á suspensión con reserva de traballo establece no seu apartado 4 que “o nacemento que comprende o parto e coidado de menor de doce meses, suspenderá o contrato de traballo da nai biolóxica durante 16 semanas, das que serán obrigadas as seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que deberán gozarse a xornada completa, para asegurar a protección da saúde da nai”. A continuación, a norma sinala que “o nacemento suspenderá o contrato de traballo do proxenitor distinto á nai biolóxica durante 16 semanas, das que serán obrigadas as seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que deberán gozarse a xornada completa, para o cumprimento dos deberes de coidado previstos no artigo 68 do Código Civil”.

Así mesmo, a disposición transitoria 13ª do Estatuto do traballo sinala que “a partir do 1 de xaneiro de 2020, no caso de nacemento, o outro proxenitor [isto é, aquel diferente á nai biolóxica] contará cun período de suspensión total de doce semanas, das que as catro primeiras deberá gozalas de forma ininterrompida inmediatamente despois do parto. A nai biolóxica poderá ceder ao outro proxenitor un período de até dúas semanas do seu período de suspensión de goce non obrigado. O goce deste período polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outro proxenitor, así como o das restantes oito semanas, adaptarase ao disposto no artigo 48.4 [do ET]” e que “a partir de 1 de xaneiro de 2021, cada proxenitor gozará de igual período de suspensión do contrato de traballo, incluíndo seis semanas de permiso obrigatorio para cada un deles [dos proxenitores], sendo de aplicación íntegra a nova regulación disposta no Real Decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo”.

Recentemente, dúas sentenzas xudiciais emitidas en Galiza veñen de recoñecer o dereito das familias monoparentais a gozar dun permiso de maternidade e coidado das crianzas acumulado que suma ao tempo de suspensión da nai biolóxica o que correspondería a unha outra persoa proxenitora no caso de familias biparentais co obxectivo de blindar o interese superior do menor e os dereitos das crianzas en familias monoparentais.

Ambas as dúas sentenzas foron recorridas pola Seguridade Social.

É evidente que a normativa actual creba a igualdade entre os distintos modelos de familia e prexudica especialmente ás mulleres toda vez que elas constitúen a inmensa maioría dos fogares monoparentais (oito de cada dez) tanto en Galiza coma no conxunto do Estado español.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai reclamar a Xunta de Galiza ao Goberno español a modificación do Estatuto dos traballadores para garantir a equidade das familias monoparentais non só galegas senón do conxunto do Estado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai recoñecer a Xunta de Galiza ao persoal público que conforma unha familia monoparental o dereito a ampliar até as 32 semanas o permiso por nacemento e coidado de fillas e fillos?

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/06/2021 09:56:44

Iria Carreira Pazos na data 24/06/2021 09:56:52

María Montserrat Prado Cores na data 24/06/2021 09:56:59



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A actuación da Xunta de Galicia no Corredor Nadela-Monforte de Lemos exemplifica ben a súa pésima xestión das infraestruturas e, nomeadamente da rede viaria.

Promesas reiteradamente incumplidas, retrasos inxustificados, partidas que se consignan ano tras ano nos orzamentos da Xunta de Galicia pero que nunca se executan. Este baile de cifras que soben e baixan nos orzamentos sen explicación racional algunha, cunha Consellería de Infraestruturas que nega e substitúe as súas propias previsións sen ningunha explicación, son o mellor exemplo da falta de planificación en política viaria.

A Xunta de Galicia no escoita aos alcaldes e tamén fai caso omiso das demandas dos veciños e veciñas, ou incluso dos consellos técnicos, que veñen sinalando dende hai anos o risco que supón manter o tráfico en dobre sentido nunha vía concibida inicialmente como autovía, para circular en sentido único.

A Xunta de Galicia tan pendente sempre dos titulares tamén fai caso omiso dos informes como, por exemplo, o publicado o 27 de xuño de 2019 no xornal La Voz de Galicia e que levaba por título “El mortal Corredor de Monforte”, e que daquela, referenciaba que en menos de 5 anos 12 mortos neste corredor. Accidentes mortais neste corredor que seguiron a producirse dende aquela data, convertendo esta infraestrutura nun dos puntos negros da sinistralidade viaria da provincia de Lugo.

En maio de 2019 o Pleno do Parlamento de Galicia adoptaba por unanimidade o seguinte acordo “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar a contratación no ano 2019 dos proxectos construtivos e de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela co fin de avanzar de forma definitiva no total desdoblamento desta infraestrutura, tendo presente o desdoblamento futuro do tramo Sarria-Monforte, que se abordará unha vez que se vaia materializando o tramo Sarria- Lugo.”



O tramo que está nestes intres en execución, das obras de desdoblamento para converter en autovía o corredor Nadela-Monforte de Lemos, ten unha lonxitude de 11,5 km. entre A Pobra de San Xiao (Láncara) e Sarria-centro.

En vista das declaracións e anuncios do Presidente da Xunta tales como “... para completar o trazado íntegro da futura autovía entre Nadela-Sarria ...” ou ben coa consignación orzamentaria da Xunta para este ano 2021 e as previsións para os vindeiros anos nas que referencian a actuación como “ Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria”, a Xunta de Galicia abandona e non contempla o desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte de Lemos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia a levar adiante a execución do desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte de Lemos?

2ª) De ser o caso, que prazos manexa a Xunta de Galicia para este desdoblamento total do corredor Nadela-Monforte de Lemos?

Pazo do Parlamento, 24 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 24/06/2021 10:52:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/06/2021 10:52:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, para que se condicione a un proxecto industrial de construción ou reparación naval a nova concesión portuaria das instalacións do antigo Vulcano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector naval en Galiza, e nomeadamente na cidade e comarca de Vigo, está atravesando unha profunda crise que xa destruíu miles de postos de traballo e pon e perigo a supervivencia de moitas empresas. A inactividade no estaleiro Barreras e a incerteza sobre o futuro do estaleiro San Enrique (antigo Vulcano) non fan senón agravar esta situación.

Unha vez rematado o procedemento concursal, Vulcano ten un novo propietario, con carga de traballo que non pode desenvolver a súa actividade xa que está pendente da decisión do Consello de Administración do Porto de Vigo sobre a concesión portuaria dos terreos de Teis.

Na xuntanza do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, do pasado 30 de abril, acordouse iniciar a extinción da concesión do antigo Vulcano o que provocou a paralización da actividade no estaleiro.

A pasada semana o barco Sanco Sea tiña previsto entrar no estaleiro San Enrique e non puido facelo xa que a Autoridade Portuaria de Vigo impediuno. Isto a pesar de que o presidente da Autoridade Portuaria, Jesús Vázquez Almuíña, dixo publicamente que non descartaba a posibilidade de que no caso de resolverse a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concesión se puidese arbitrar unha autorización temporal que permitira a continuidade da actividade do estaleiro até a resolución dun novo concurso de concesión.

As decisións tomadas até o de agora pola Autoridade Portuaria de Vigo non fan senón impedir o reinicio da actividade nas gradas de Teis, pon en grave risco a posibilidade do mantemento da actividade industrial e pon en evidencia a súa aposta por destinar eses terreos a outros usos do porto, como xa declarou publicamente o Sr. Vázquez Almuíña.

Neste punto é importante salientar que a decisión sobre a concesión destes terreos recae sobre o Consello de Administración do Porto de Vigo, no que teñen representación, e voto, a administración estatal, a Xunta de Galiza e o Concello de Vigo. Da decisión que tome o PP e o PSOE, a través dos seus representantes neste consello de administración, dependerá non só o futuro do estaleiro San Francisco, senón da industria naval na cidade de Vigo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cre o goberno galego necesario que o concurso para a concesión portuaria do antigo estaleiro Vulcano estea condicionado ao uso para a actividade de construción e reparación naval?

. Vai o goberno galego, a través da súa representación no Consello de Administración do Porto de Vigo, votar para que o concurso para a concesión portuaria do antigo estaleiro Vulcano estea condicionado ao uso para a actividade de construción e reparación naval?

. Cre o goberno galego que a Autoridade Portuaria de Vigo debe permitir o uso da lámina de auga, mentres o concurso non se resolva, a Estaleiros San Enrique para que poida continuar a súa actividade e que o persoal que está no paro, poida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reincorporarse ao seu posto de traballo.? Vai a instar á Autoridade Portuaria para que o permita?

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 24/06/2021 12:56:30

Ramón Fernández Alfonso na data 24/06/2021 12:56:37

Daniel Pérez López na data 24/06/2021 12:56:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a convocatoria de subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza para o ano 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comercio de proximidade ven sufrindo, dende o ano 2008, unha crise que provocou o peche de moitos negocios, unha situación que se agravou pola Covid-19.

O peche de locais comerciais en Galiza dende a aparición da pandemia lévanos a cifras moi preocupantes, unha situación que as medidas tomadas por parte da Xunta de Galicia non conseguiron reverter, demostrando que estas medidas foron insuficientes e chegaron tarde para moitos negocios.

Un exemplo da nefasta xestión do goberno galego na crise provocada pola Covid-19 no sector do comercio de proximidade son as subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza.

Estas axudas, que eran convocadas anualmente moito antes da aparición da Covid, entre marzo e abril de cada ano, tarde xa se temos en conta que se resolvían en outubro, cando quedaban só un mes para xustificar e gastar a subvención, unha subvención que correspondía a todo o ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2020, en plena pandemia, cando o comercio sufría fortes restricións na súa actividade o que provocou importantes dificultades económicas na maioría dos negocios, foron convocadas máis tarde do habitual, o 19 de xuño, e resoltas aínda máis tarde, en abril de 2021. No peor ano económico para o sector comercial galego a Xunta de Galicia non foi quen de convocar e resolver as axudas para os centros comerciais abertos e prazas de abastos do noso país.

Pero a situación a día de hoxe, aínda é máis grave, xa que o goberno galego aínda non convocou as axudas para o ano 2021, xa pasou medio ano e as asociación de comerciantes non saben se se van convocar ou non.

É importante salientar que estas son asociacións sen fin de lucro e que a súa capacidade de actuación depende nunha grande medida das axudas e subvencións que reciben das administracións. Neste caso, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ten as competencias en materia de comercio e é a súa función poñer en marcha políticas de apoio ao tecido comercial galego, especialmente nunha situación de crise como na que se atopa o sector na actualidade.

Tamén cabe salientar que o crédito orzamentario destinado a estas axudas ven sendo practicamente o mesmo dende hai anos, un dato que indica a política continuísta que practica a Xunta de Galicia e a importancia que lle da a unha actividade que, non só é un sector de gran importancia na economía galega, senón que é fundamental para a dinamización social e urbanística dos nosos pobos, vilas e cidades e para evitar o despoboamento do rural galego.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. É consciente o goberno galego de que a situación de crise na que se atopan está levando ao peche a moitos comercios de proximidade galegos?

. Cre o Goberno galego que as subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza para o ano 2020 foron convocadas e resoltas de acordo coa situación de crise na que se atopaba o sector?

. Ten previsto o goberno galego convocar, no inmediato, as subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza para o ano 2021?

. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o crédito orzamentario para estas axudas, de acordo coa importancia que o sector ten para o noso país?

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 24/06/2021 13:47:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/06/2021 13:47:42

Daniel Pérez López na data 24/06/2021 13:47:51





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2021 13:41:02
Nº Rexistro: 17578
Data envío: 23/06/2021 13:41:02.324
Data: 23/06/2021 13:40

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15915**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto á situación laboral das traballadoras de asistencia a domicilio no concello de Chantada”**, (publicada no BOPG número 141 do 20 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é fundamental para que as persoas maiores que deciden permanecer nos seus domicilios poidan contar cunha atención profesional de calidade, ademais de facilitar a conciliación persoal e laboral das súas familias.

O SAF é un eixo estratéxico nas políticas sociais da Xunta. Trátase dun servizo esencial que o Goberno galego reforza cada ano, aumentando os orzamentos que se destinan a tal fin para poder asignar cada vez máis horas, conforme ao incremento da súa demanda.

Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión corresponde aos concellos. Neste caso, o titular do servizo é o Concello de Chantada e, en consecuencia, esta entidade local é a responsable da súa xestión.

A normativa vixente faculta aos concellos a externalizar este servizo conforme á normativa reguladora dos contratos do sector público. Dita externalización non debe supoñer a perda de calidade na prestación do citado servizo. Polo tanto, ao concello de Chantada correspóndelle velar para que se cumpran as condicións recollidas no contrato celebrado coa empresa.

No que respecta aos incrementos dos cadros de persoal, estes están motivados pola demanda do servizo por parte da cidadanía. Os cambios do persoal coidador non teñen porque influír ou afectar na calidade do servizo prestado, que en todo caso é supervisado e coordinado por persoal técnico.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2021 13:41:02
Nº Rexistro: 17578
Data envío: 23/06/2021 13:41:02.324

O concello debe garantir a prestación do servizo nos domicilios das persoas beneficiarias, e adaptar o perfil profesional de cada unha das auxiliares encargadas desta axuda ás necesidades e circunstancias de cada persoa usuaria. Neste sentido, o persoal contratado ten que posuír a cualificación profesional establecida na normativa reguladora.

O Goberno da Xunta a través da Consellería de Política Social fai un seguimento continuo de todos os centros e programas de servizos sociais a través das correspondentes inspeccións, co obxecto de controlar o cumprimento dos requisitos legalmente esixibles e a calidade asistencial procurando a mellora continua no desenvolvemento dos servizos que se prestan na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, a vixilancia do cumprimento da normativa laboral, como en calquera outro sector, é competencia da Inspección de Traballo, dependente da Vicepresidencia Terceira e Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno Central“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2021 13:41:02
Nº Rexistro: 17578
Data envío: 23/06/2021 13:41:02.324

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/06/2021 13:40:59

CSV: BOPGDSPGVwvCk1t7U2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2021 13:40:54
Nº Rexistro: 17577
Data envío: 23/06/2021 13:40:54.652
Data: 23/06/2021 13:40

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15934**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as previsión da Xunta de Galicia respecto da creación dun centro de día público no concello de Vilalba”**, (publicada no BOPG número 141 do 20 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego planifica a creación de novos centros para maiores en toda Galicia de acordo a un estudo previo das necesidades que existan en cada zona, pero sempre co obxectivo de dar unha resposta comarcal a esa demanda e que, polo tanto, non se cinga única e exclusivamente aos potenciais usuarios que teña un municipio concreto.

Na zona da Terra Chá, á que pertence o concello de Vilalba, hai na actualidade tres centros en funcionamento pertencentes á rede da Xunta de Galicia. Estes centros, que están pensados como equipamentos de carácter supramunicipal para dar servizo a usuarios de varios concellos, están situados en Abadín, Begonte e Cospito e todos eles dispoñen de prazas libres.

Por outro lado, Vilalba ten a posibilidade de promover e construír un centro de día de titularidade municipal. Neste caso, a Xunta de Galicia estaría en disposición de colaborar na súa construción, mediante o financiamento da obra con fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia do programa Next Generation, unha vez que sexan confirmados polo Goberno central“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2021 13:40:54
Nº Rexistro: 17577
Data envío: 23/06/2021 13:40:54.652

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/06/2021 13:40:50

CSV: BOPGDSPGVwvCk117U2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2021 13:40:43
Nº Rexistro: 17575
Data envío: 23/06/2021 13:40:43.386
Data 23/06/2021 13:40

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15956**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre “ **as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro do centro de menores Santo Anxo Rábade**”, (publicada no BOPG número 141 do 20 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A principios do pasado mes de maio, o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e a secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social mantiveron un encontro de traballo con representantes do colectivo de educadores do centro Santo Anxo da Garda de Rábade.

Nesta xuntanza, que tivera que ser aprazada con anterioridade por mor da situación sanitaria, realizouse de xeito presencial e se abordaron cuestións relativas ao funcionamento do centro, cun talante moi positivo por parte de todas as persoas presentes na mesma.

Todos os implicados compartiron o interese por garantir o bo funcionamento do centro e, sobre todo, o cumprimento da súa finalidade que é a protección integral dos mozos e mozas que residen nel. Por suposto, esta finalidade debe desenvolverse coa garantía plena, ao mesmo tempo, de asegurar as mellores condicións dos traballadores no desempeño do seu posto de traballo.

Neste sentido, nesta xuntanza trasladouse aos traballadores que nos últimos meses e dentro da competencia da Entidade Pública para a designación do centro de protección máis adecuado para cada neno, nena ou adolescente, estase realizando unha análise máis detallada dos perfís dos mozos e mozas propostos polos correspondentes equipos técnicos para asegurar que o centro Santo Anxo de Rábade sexa o centro idóneo para desenvolver un traballo integral cos menores, de xeito que se continúe garantindo a súa protección e a cobertura de todas as súas necesidades.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2021 13:40:43
Nº Rexistro: 17575
Data envío: 23/06/2021 13:40:43.386

Froito deste encontro coas traballadoras do centro, tamén se están actualizando protocolos e regulamentos internos co fin de dotarlles aos educadores de ferramentas adecuadas para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das limitacións que establece a normativa para este tipo de centros.

Completan todas estas actuacións, os contactos que se están realizando coas autoridades sanitarias para desenvolver proxectos de colaboración e coordinación que realicen unha intervención específica neste centro que axude ao persoal a abordar con seguridade e éxito cada un dos menores derivados a Santo Anxo.

Por último, cómpre reiterar que esta Administración está aberta permanentemente ao diálogo e ao entendemento nesta materia, e como continuación desta primeira xuntanza, están previstos máis encontros entre a Xunta de Galicia e as traballadoras para continuar abordando este tema co obxectivo sempre de mellorar o funcionamento do centro“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2021 13:40:43
Nº Rexistro: 17575
Data envío: 23/06/2021 13:40:43.386

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/06/2021 13:40:38

CSV: BOPGDSPGVwvCk1t7U2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

